

UN GOBERNO DE “PROGRESO”, UN ANO DE RETROCESO

Os partidos que conforman o actual Goberno de Vilagarcía, PSOE e BNG, prometeron cambio, prometeron progreso, prometeron modernización, prometeron outra forma de facer as cousas e moitos proxectos para que a nosa cidade avanzara decididamente. (pág. 4 y 5)



PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO **O POTENCIAL DESAPROVEITADO**

Vilagarcía permanece estancada en canto a promoción económica e turismo por falta de iniciativas do Goberno local. Neste primeiro ano, o bipartito demostrou incapacidade para liderar novos proxectos e deixadez respecto a temas que sofren anos de paralización. (pág. 7)

O GOBERNO DAS MALAS NOTICIAS

**O bipartito
de Vilagarcía
converteuse
neste ano
no Goberno
das malas
noticias** (pag. 3)

CRISE DO GRUMIR

**A PLASMA-
CIÓN DA
CHAPUZA E
DA INCAPA-
CIDADE** (pag. 6)

LIMPEZA E SERVIZOS

**A IMAXE
QUE
VILAGARCÍA
NON
MERECE** (pag. 7)

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

**EQUIPO,
PREPARACIÓN,
VOCACIÓN
E TRABALLO
PARA UNHA
ALTERNATIVA
CLARA DE
GOBERNO** (pag. 8)



SAÚDA do VOCEIRO

■ O Partido Popular de Vilagarcía intensifica o seu contacto cos vilagarcíans a través desta revista que tes nas túas mans e que pretende ser un instrumento de información sobre a realidade da nosa vida e de achegamento do noso traballo aos veciños.

Tra-lo amplo apoio acadado nas eleccións municipais do pasado ano, este partido está a traballar decididamente pola defensa dos intereses da nosa vila e dos seus cidadáns. Transcorreu xa o primeiro ano deste novo mandato, un ano no que o Goberno local levou á cidadanía á frustración. Atrás quedaron as promesas de novas formas, de avance firme, de grandes proxectos para a nosa cidade. Lonxe diso, Vilagarcía mantén os seus vellos problemas e non veu apenas iniciativas novidosas para recuperar e consolidar o seu papel de referente, a súa posición como oitava cidade de Galicia e terceira da provincia de Pontevedra.

O Partido Popular levou a iniciativa ao longo deste ano, con propostas serias e viables para o desenvolvemento socioeconómico do noso municipio. Pero atopámonos cun Goberno pechado, insensible ás inxerencias da sociedade vilagarcía e obsesionado por obstaculizar o noso labor de oposición, demostrando un claro temor ao crecemento do PP e á súa clara posibilidade de ser goberno. Tra-lo fraude que supuxo sentar na alcaldía a unha persoa que non podía ser elixido para ese posto, temos agora unha alcaldesa á que o cargo lle queda grande, cun equipo ineficiente e serios problemas de entendemento entre os dous partidos coaligados para gobernar. A descoordinación, a improvisación e a falta de capacidade para solucionar problemas e emprender iniciativas ambiciosas foron as características deste Goberno.

O noso partido segue comprometido no seu traballo para intentar que Vilagarcía saia do parón ao que este Goberno está a sometela, como continuidade ao que iniciou xa o partido socialista en mandatos anteriores. Seguiremos demandando solucións aos problemas e presentando propostas de impulso. E continuaremos preto dos veciños, que son os verdadeiros protagonistas.

Tomás Fole Díaz

Presidente do Partido Popular de Vilagarcía

O GOBERNO DAS MALAS NOTICIAS

O bipartito de Vilagarcía converteuse neste ano no Goberno das malas noticias

O PP advertiu da necesidade de actualizar o Plan de Emerxencias. O Goberno asegurou que nese eido todo estaba ben.	A Xunta suprimiu o Grumir.
Considerou innecesario un Plan de Tráfico.	Os accidentes aumentaron un 13%.
Asegurou que a rede de saneamento non tiña problemas.	Inundacións nas rúas coas primeiras choivas.
Criticaron ao PP por interesarse polo Centro de Tecnificación.	A Escola Municipal de Vela quedou sen espazo nel.
Aseguraron que as praias estaban perfectas.	Quedamos sen Bandeira Azul.
Rexeitaron facer un estudio para mellorar a situación do comercio local.	A crise afecta gravemente aos comerciantes e cada día pechan establecementos.
Aseguraron que o servizo de limpeza funciona perfectamente e non precisa ningún plan de optimización.	Os operarios denuncian o mal funcionamento e ameazan con unha folga.
Renunciaron a solicitar subvención para contratar auxiliares de policía porque xa tiñan suficientes.	Unha sentenza anula os contratos dos catro cos que contaba o Concello.

POLÍTICAS DE MALESTAR SOCIAL

As políticas de benestar social deste Goberno limitáronse ao puro continuismo, malia as grandes esperanzas anunciadas. Non se avanzou practicamente nada, máis que en aumentar a burocracia cunha nova oficina de Servizos Sociais da Xunta que non supón mellora algunha en temas tan importantes como a atención aos dependentes.

Algunhas das medidas provocaron máis ben malestar social, como foi a obra de ampliación da gardería, que por culpa dunha mala planificación de tempos obrigou a retrasar o inicio do curso. A residencia de maiores “Divina Pastora” ía integrarse na rede da Xunta, a ampliar as súas prazas e a mellorar as súas instalacións segundo prometeu firmemente o actual

tenente de alcalde e o seu xefe de filas, o Vicepresidente da Xunta, na campaña electoral. O último que se nos ten dito é que esa integración aprázase, como mínimo, ao 2009.

Houbo tamén promesas de crear Puntos de Atención á Infancia para paliar o déficit de prazas de gardería, pero cando o Partido Popular propuxo que se puxeran en marcha, o Goberno rexeitou a iniciativa. Néganse a facer ata o que eles mesmos prometeron. As grandes iniciativas para a xuventude quedáronse nuns locais de ensaio para os músicos. A política de Igualdade cinguiuse á organización duns cantos cursiños. Non houbo novidades nin avances nun eido tan sensible.

UN GOBERNO DE “PROGRES

■ Os partidos que conforman o actual Goberno de Vilagarcía, PSOE e BNG, prometeron cambio, prometeron progreso, prometeron modernización, prometeron outra forma de facer as cousas e moitos proxectos para que a nosa cidade avanzara decididamente.

Un ano despois, demostraron que para o único que eses partidos teñen capacidade é para prometer, pero nada do prometido se cumpriu. En Vilagarcía permanecen os mesmos vellos problemas e non hai iniciativas de peso en marcha para o avance anunciado. Iamos ter un Goberno progresista e o que temos é un Goberno incapaz na xestión,



descoordinado, preocupado unicamente por manter o poder e cuxas formas se achegan máis ao totalitarismo que aos principios democráticos. Faláron moito de diálogo, pero á hora da verdade, do diálogo non queren nin falar. Néganlle a palabra á primeira forza da oposición, que representa á terceira parte dos vilagarcíans e conta co mesmo número de concelleiros que o principal partido do Goberno. Non escoita aos veciños nin atende ás súas demandas, malia proclamar que eles ampliarían a participación cidadá.



Vertidos Vilaxoán

Vilagarcía segue sucia, coas súas praias abandonadas, sen un proxecto claro para promocionar o turismo, co comercio en declive. O tráfico segue a ser un dos principais problemas para os vilagarcíans e os seus visitantes, o rural sofre discriminación respecto ao centro, non hai bos servizos para todos, a rede de saneamento fai augas por todas partes e cando chove inúndanse as rúas e énchense de residuos. Non se fixo nada por promocionar a nosa cultura. As prazas de gardería seguen a ser insuficientes. Os parques infantís non se aceptan á normativa vixente, están deteriorados e non ofrecen seguridade.

Este Goberno non conseguiu o necesario apoio da Xunta. Suprimíuse o Grumir e Vilagarcía quedou sen un servizo de emerxencias axeitado, profesional e con cobertura as vinte e catro horas. A remodelación da praza de abastos segue aparcada, o Centro de Tecnificación de Vela sufriu retrasos e finalmente a Escola Municipal de Vela quedou sen espazo nel.

Prometeron un Goberno de progreso e déronlle a Vilagarcía un ano de retroceso.



SO", UN ANO DE RETROCESO

Antes das eleccións municipais de 2007: compromiso de PSOE, BNG e EU de dar a Vilagarcía un goberno progresista e de esquerdas; de garantir estabilidade; de solucionar os problemas; de impulsar o avance do municipio

Vilagarcía queda cun goberno en minoría (PSOE-BNG) que non garante a estabilidade prometida

Despois das eleccións: a verdadeira cara destes partidos

Esquerda Unida esquece o seu compromiso e non exerce a valentía de entrar no Goberno

Descóbrese o fraude do PSOE: O alcalde elixido non podía ser elixido alcalde

Vilagarcía queda cunha alcaldesa:
Sen vocación
Sen capacidade
Sen equipo
Sen axuda do seu "Goberno amigo da Xunta"
Sen peso político
Sen ganas

Dimite o alcalde e substitúeo unha alcaldesa que non está preparada para asumir tal responsabilidade e á que o cargo lle queda grande

As negociacións para repartirse áreas, cargos e soldos constitúen o único gran esforzo realizado polo novo Goberno. A falta de entendemento entre as dúas partes e os conflitos internos do PSOE impiden o cumprimento de promesas e a dedicación necesaria aos intereses de Vilagarcía

Falta de apoio da Xunta; sumisión ao "Goberno amigo": Supresión do Grumir, falta de financiamento para reformar a Praza de Abastos, gardería pendente, residencia de maiores sen ampliación nin mellora, Escola Municipal de Vela sen espazo no Centro de Tecnificación, descoordinación na aplicación da Lei da Dependencia...

Xestión ineficiente

Descoordinación. Intereses contrapostos

Permañecen en Vilagarcía os vellos problemas: tráfico, suciedade, carencia de prazas de gardería, mal estado das praias, Balneario en estado ruinoso, saneamento deficiente, abandono do rural, parques infantís inaxeitados e perigosos, situación da Praza de Abastos, centro de saúde insuficiente, comercio en declive, desatención aos centros socio-culturais...

Falta de iniciativas para dinamizar a economía, aproveitar o potencial turístico, modernizar a cidade, potenciar o comercio local, mellorar o benestar social, dotar á cidade de infraestruturas axeitadas, facilitar oportunidades aos mozos... para avanzar de verdade e consolidar a Vilagarcía como a oitava cidade galega que é.

E AS PROMESAS DE NOVAS FORMAS E DIÁLOGO, ¿EN QUÉ QUEDARON?

Cos Veciños

- O Goberno non os recibe
- O Goberno non os escoita
- O Goberno non atende as súas demandas
- O Goberno ten o récord de protestas nos Plenos

Coa oposición

- Negación de todo diálogo ao PP
- Exclusión do PP nos órganos externos
- Arredor de cen preguntas sen responder
- Preto de corenta iniciativas rexeitadas

CRISE DO GRUMIR

A PLASMACIÓN DA CHAPUZA E DA INCAPACIDADE

■ A crise derivada da supresión do Grumir do noso concello, o mantemento de vellos problemas como o do tráfico, o incumprimento de iniciativas anunciadas a bombo e platillo como o Plan Madruga e a sumisión á Xunta en temas como o Centro de Tecnificación de Vela son exemplos claros da incapacidade do Goberno de Vilagarcía para xestionar e defender os intereses dos vilagarcíans.

Resulta inadmisíbel, ademais dun incumprimento da lexislación, que se deixara a unha cidade como Vilagarcía durante meses sen un servizo de emerxencias profesional, axeitado e con cobertura as 24 horas do día. A xestión realizada pola alcaldesa a raíz da supresión do Grumir só pode cualificarse de chapuza: non fixo nada por manter eses efectivos; destinou ás emerxencias a operarios electricistas ou xardiñeiros; o servizo foi coordinado uns días polo xefe do Servizo de Parques e



Xardíns e, pouco despois, polo de Deportes. O Partido Popular promoveu varias iniciativas para buscar unha saída a esta situación, entre elas o logro dun acordo da Corporación e a convocatoria dun Pleno Extraordinario, ante a inactividade do Goberno ao respecto.

O tráfico, outro dos vellos problemas de Vilagarcía cuxa solución máis demandan os cidadáns, foi un máis dos temas que quedaron esquecidos entre as promesas electorais. O PP plantexa a urxencia de elaborar un plan para a súa reordenación que sexa elaborado por expertos na materia. O Goberno, novamente, fai oídos xordos, mentres os accidentes aumentan. Pérdense oportunidades como a contratación de policía auxiliares para a época estival, ao renunciar o Goberno a acollerse ás subvencións da Xunta para tal fin porque opina que sobran efectivos cos que temos.

E é que este Goberno vai de “sobrado”. E, así, anuncia iniciativas a bombo e platillo como o Plan Madruga para os colexios e despois son os pais os que teñen que asumir o seu custo porque o Concello non paga. Anuncian tamén a creación dun aula da UNED no noso municipio, pero despois non achegan o local necesario. Venden como gran logro a ubicación da Escola Municipal de Vela no Centro de Tecnificación que a Xunta, con moito retraso, construíu e despois renuncian a ese espazo porque non son quen de esixir o acordado. E será, unha vez máis, o PP, o que o esixa a través do Parlamento. Non teñen peso político ante o seu “Goberno amigo”. Moita palabrería e poucos feitos.

NIN CULTURA NIN DIÁLOGO

■ Unha nova biblioteca, un Museo da Auga, un Instituto da Cultura, dinamizar os centros culturais... Potenciar o diálogo coa cidadanía, aumentar a realción do Concello cos veciños, designar un edil para cada parroquia... Moito prometeron PSOE e BNG na campaña electoral. E moito incumpriron no seu primeiro ano á fronte do Concello.

A Cultura é unha das grandes esquecidas deste Goberno, que non fixo practicamente nada neste ámbito, fóra de continuar coas colaboracións externas que xa funcionaban, como a de Caixanova. O Partido Popular propuxo a elaboración dun Plan Cultural dirixido principalmente a promocionar e potenciar o movemento cultural local, a apoiar o labor que neste ámbito realizan os numerosos colectivos existentes en Vilagarcía. Foi rexeitado. Non quere saber nada del un Goberno que o pri-



meiro que fixo foi impoñer a ausencia de representación institucional do Concello nos actos relixiosos populares e cambiar, baixo unha aparencia de falsa modernidade, tradicións de anos nas festas da vila.

Unha falta de respecto que reflectía, xa no inicio do mandato, que o achegamento aos veciños ía ser outra mera falacia para gañar votos. Nunca o Goberno vilagarcían estivo tan distanciados dos seus cidadáns. Non os recibe nin os escoita, seguramente porque sabe que non é quen de resolver os seus problemas. A tan prometida participación cidadá ten que plasmarse en manifestacións e concentracións de colectivos, sectores e veciños nos plenos municipais. En practicamente todos os celebrados ata agora houbo protestas por diversos temas.

Nin cultura, nin diálogo. Vilagarcía ten un Goberno que dá as costas aos vilagarcíans.

PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO

O POTENCIAL DESAPROVEITADO

■ Vilagarcía permañece estancada en canto a promoción económica e turismo por falta de iniciativas do Goberno local. Neste primeiro ano, o bipartito demostrou incapacidade para liderar novos proxectos e deixadez respecto a temas que sofren anos de paralización.

A nosa cidade ten un enorme potencial que está a ser desaproveitado. Mentres o Goberno asegura que as praias están no mellor estado, A Concha-Compostela perde a bandeira azul. Despréciase ao turismo de alto nivel que chega á nosa vila. O Balneario da Compostela atópase en estado



ruinoso. A Praza de A b a s t o s segue a esperar a súa reforma. Os comercios pechan. Fexdega perde todo o seu prestixio...

O novo Goberno

non ten vocación emprendedora e está a condear a Vilagarcía a converterse nunha cidade dormitorio.

O Partido Popular presentou propostas para potenciar o turismo, para apoiar decididamente o comercio local, para facer das nosas praias o gran escaparate e polo de atracción de Vilagarcía, para que o recinto feiral acolla eventos de alto nivel, para, en definitiva, aproveitar os moitos recursos que ten para avanzar. Pero socialistas e nacionalistas prefiren mirar para outro lado desde os seus despachos.




Balneario

LIMPEZA E SERVIZOS

A IMAXE QUE VILAGARCÍA NON MERECE

■ Os vilagarcíans pagamos máis de 6.000 euros diarios polo servizo de limpeza e a nosa cidade está sucia. Lixo acumulado, colectores insuficientes e mal ubicados, suciedade nas rúas e nas praias ofrecen unha imaxe que Vilagarcía non merece. Mellorar este servizo foi unha promesa electoral recorrente, que o Goberno esqueceu en canto acadou o poder. O Partido Popular considera que este problema debe resolverse dunha vez por todas e esixe que se elabore un plan de optimización do servizo de limpeza.



O deficiente estado da rede de saneamento fai que a imaxe de Vilagarcía empeore aínda máis cando chove con certa intensidade: rúas inundadas e cheas de residuos procedentes de sumidoiros atascados compoñen unha foto totalmente impropia da oitava cidade de Galicia. O PSOE prometeu pór en marcha un plan para arranxa-la rede nos primeiros cen días de mandato. E aínda estamos agardando.



Provincial Pontevedra

Vilagarcía de Arousa

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

EQUIPO, PREPARACIÓN, VOCACIÓN E TRABALLO PARA UNHA ALTERNATIVA CLARA DE GOBERNO

■ A actividade dun ano:

Mocións

- Creación Oficina Municipal Atención á Dependencia.
- Actualización Plan de Emerxencias Municipal.
- Comparecencia alcaldesa xestión incendio edificio Dorna.
- Creación dun Punto de Encontro.
- Loita contra a violencia de xénero.
- Elaboración estudo situación comercio local.
- Elaboración dun Plan Cultural.
- Creación dunha Xerencia de Urbanismo.
- Crise do Grumir.
- Solicitude Pleno Extraordinario asunto Grumir.
- Elaboración Regulamento propio de Organización e Funcionamento.
- Tarifa Nocturna.
- Plan optimización servizo de limpeza.

Parlamento de Galicia

- Ampliación Hospital Comarcal do Salnés.
- Axudas polas inundacións de 2006.
- Conflicto Castroagudín.
- Transporte enfermeiras atención domiciliaria.
- Cesión sen custo espazo para Escola Municipal Vela no Centro de Tecnificación.
- Situación Centro Saúde San Roque e previsión de construción dun novo.
- Norma do Hábitat.
- Incumprimentos da Xunta na comarca do Salnés.
- Moción mellora nivel de servizos comarca do Salnés.
- Situación e previsións Residencia de maiores Divina Pastora.
- Creación Unidade Oncoloxía Hospital do Salnés.
- Instalación gardarraís de seguridade na autovía do Salnés.
- Dotación de dispositivos portátiles de control do Sintrom aos centros de saúde.

Interpelacións/Preguntas

- Actuacións Concello Lei Dependencia.
- Situación gardería municipal.
- Situación obras campo de fútbol San Martín.
- Situación hórreo A Xunqueira.
- Estado parque infantil A Xunqueira.
- Xestións alcaldesa conflito Castroagudín.
- Datos aplicación Lei Dependencia.
- Situación Centro Tecnificación de Vela.
- Cheiros en Vilaxoán.
- Vixilancia e seguridade na Praza de Abastos.
- Demandas veciños A Laxe.
- Estado Balneario A Compostela.
- Situación proxecto remodelación Praza Abastos.
- Estado Parque da Coca.
- Barreiras arquitectónicas na Casa do Concello.
- Plans plurianuais comprometidos polo PSOE para os cen primeiros días de mandato.
- Contratacións irregulares no Concello.
- Contratos realizados polo Concello.
- Execución Orzamento 2007.
- Creación Oficina Control Calidade e mellora servizos Concello.
- Suposta folga encoberta Policía Local.
- Plan de Igualdade e subvencións ás asociacións de mulleres.
- Retrasos expedientes Urbanismo.
- Promesa BNG asignar un edil por parroquia.
- Situación obra Centro Sociocultural e Deportivo de Vilaxoán.
- Inundacións Avda. Doutor Tourón.
- Situación económica Concello.
- Riadas Guillán e Trabanca-Sardiñeira por obras circunvalación.
- Futuro de Fexdega.
- Pagamento subvencións Protectora Animais.
- Vertidos Cea.
- Valoracións e beneficiarios Lei Dependencia.
- Transporte para votación veciños Solobeira.
- Limpeza Centro Social de Rubiáns.
- Comisión de Seguemento de Obras.
- Concesión servizos de tempada nas praias.
- Problemas de tráfico no centro (Fariña Ferreiro).
- Plan Madruga.
- Desaparición Grumir.
- Conformación novo servizo de Emerxencias.
- Renuncia subvención contratación policías auxiliares.
- Bandas de música nas procesións.
- Parques infantís.
- Conflito rúa Almirante Fontán.
- Melloras limpeza e tráfico en Fontecarmoa.